

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN  
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 21/06/2024**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
SUPLENTE	D. Jorge Cubela López
VOGAIS:	D <sup>a</sup> . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D <sup>a</sup> . Belén Cachafeiro Anta
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D <sup>a</sup> . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D <sup>a</sup> . María Nava Castro Domínguez
	D <sup>a</sup> . Ana Laura Iglesias González
	D. Javier Iglesias Mougán, en substitución de D. Carlos Gómez Prado
	D. Paco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D <sup>a</sup> . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D <sup>a</sup> . Beatriz Lomba Rodríguez
	D <sup>a</sup> . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e un de xuño do ano dous mil vinte e catro, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



## **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2024032686)**

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e catro de maio do ano dous mil vinte e catro co voto favorable de todos os membros da Comisión.

## **2.- DAR CONTA DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS VISITAS GUIADAS Á ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO (EXPTE.: 2024002218)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe sobre a adxudicación da contratación das visitas guiadas á Estación Fitopatolóxica do Areeiro, co seguinte teor literal:

### *“ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS VISITAS GUIADAS Á ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO*

*Actualmente Areeiro conta cun elevado prestixio como centro de investigación, e os seus xardíns están altamente valorados pola cidadanía, o que deriva nun incremento continuo de solicitudes para a realización de visitas por parte de colexios, universidades, centros de formación, obradoiros e mesmo particulares.*

*O persoal da Estación está dedicado aos labores correspondentes á propia estación e a dar servizo á cidadanía, polo que, falta persoal que dispoña de tempo e estea especializado en atención ao público para a realización das visitas guiadas.*

*Por estas razóns, desde a Estación téntase buscar un sistema que permita mostrar e divulgar de maneira adecuada, o patrimonio da Deputación na Finca Areeiro.*

*A apertura dos xardíns ao público, cun sentido didáctico e formativo, realizado por un guía especializado e formado, permite dar a coñecer o traballo que se está a facer e o patrimonio que forman os seus xardíns, sen que se vexa afectado o traballo propio do persoal do servizo.*



*A Deputación de Pontevedra nun exercicio de transparencia e de servizo á cidadanía, busca establecer un servizo de visitas guiadas para divulgar as tarefas que se realizan no Servizo Estación Fitopatolóxica de Areeiro e, consonte co establecido no artigo 38.1 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e Innovación, “Las Administraciones Públicas fomentarán las actividades conducentes a la mejora de la cultura científica y tecnológica de la sociedad a través de la educación, la formación y la divulgación, y reconocerán adecuadamente las actividades de los agentes del Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación en este ámbito”.*

*O persoal técnico da Estación non está formado como guía turístico, senón que está formado por técnicos especialistas cada un na a súa tarefa, e está dedicado ás labores correspondentes á propia estación e a dar servizo á cidadanía, polo que, falta persoal que dispoña de tempo e estea especializado en atención ao público para a realización das visitas guiadas.*

*Polo anteriormente exposto procedeuse á licitación da contratación do servizo, sendo o obxecto do contrato é a prestación, de forma sucesiva e por prezo unitario, do servizo de xestión e guía das visitas á Estación Fitopatolóxica de Areeiro da Deputación de Pontevedra, sen que a contía total dos servizos se defina con exactitude ao tempo de celebralo, por estar subordinada ás necesidades da Administración.*

*Concretamente incluirá:*

- Xestión e programación das solicitudes de visitas*
- A realización das visitas guiadas*
- A remisión de información relativa ao desenvolvemento das visitas.*
- Subscrición contrato de responsabilidade civil.*

*Nestes momentos a adxudicación deste contrato xa foi adxudicado á empresa ESPIRAL XESTION CULTURAL SL, e está pendente da formalización do mesmo.*

*A financiación do contrato é a seguinte:*

<i>Anualidade</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe total (con IVE)</i>
<i>2024 (9 meses)</i>	<i>24/413.4123.226.19</i>	<i>26.522,94 €</i>



2025 (3 meses)	25/413.4123.226.19	8.840,99 €
----------------	--------------------	------------

*A xefa da Estación Fitopatolóxica do Areeiro.*

*Mª del Carmen Salinero Corral.*

*(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE)*

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada da adxudicación do contrato referida “ut supra”.

**3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA BASEADO NA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS EVENTOS RELACIONADOS CO DEPORTE DURANTE O ANO 2024 (EXPTE.: 2024016132)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe sobre a aprobación das Bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o fomento da actividade turística baseado na dinamización e promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2024, co seguinte teor literal:

*“APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA BASEADO NA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS EVENTOS RELACIONADOS CO DEPORTE DURANTE O ANO 2024*

*A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, sendo a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.*

*O turismo é unha das actividades con maior potencial de creación de emprego e de crecemento económico da Unión Europea, ata o punto de que o Tratado de Lisboa*



*contempla expresamente a importancia do sector turístico e contén disposicións específicas co obxectivo de promover a competitividade entre as empresas do sector para converter á UE no primeiro destino turístico mundial.*

*A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia fai referencia a que a dimensión social do turismo non se basea unicamente na súa capacidade para xerar emprego, senón tamén á posibilidade que ten de xerar e distribuír mellor a riqueza, aproveitando as sinerxias que se producen a través das iniciativas entre os distintos axentes públicos e privados.*

*A citada Lei dispón que corresponden ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local o asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece, no artigo 36.1 d) que a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios é unha competencia propia das Deputacións provinciais.*

*En consecuencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, elabora as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva para o fomento da actividade turística baseado na dinamización de promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2024 (TUR\_C/24).*

*O 8 de maio de 2024 emítase informe sobre a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións (CSV: QLAKQM30PX39XIIE)*

*O 8 de maio de 2024 emítase informe xurídico sobre as bases reguladoras das subvencións (CSV: QJONX7T5HR38YBUF)*

*O 8 de maio de 2024 Intervención emite informe con observacións (CSV: 4ULY8ZYF4E6W3SKD) e certifica a existencia de crédito por importe de 100.000,00 € na aplicación 24/433.4320.489.01, a cuxo efecto expide documento de retención de crédito núm. 202400098199.*

*En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno da súa sesión ordinaria do 24 de maio de 2024, aprobou as “Bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o fomento da actividade turística baseado na dinamización de promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano*



2024 (TUR\_C/24)”, que figuran no expediente co código seguro de verificación (CSV): QRVD3AOYRX7H2Z27.

*Ditas Bases foron publicadas no BOPPO núm. 107, do 3 de xuño de 2024.*

*O prazo de presentación de solicitudes será de un (1) mes, contado a partir do día seguinte o da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).*

*A xefa da Sección de Turismo.*

*Amanda Yanín Sartier Saburido..*

*(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE)”*

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada da aprobación das bases referidas “ut supra”.

#### **4.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

*(documento asinado electronicamente)*

Marcos Areán González

